

Informe sobre posibilidade de localizar balsas de xurro en parcela distinta na que se localiza a explotación gandeira pero dentro da súa base territorial (Concello de Arzúa - Expediente XCP 23/004)

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 24.01.2023 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (Núm. 2023/246485) oficio do Concello de Arzúa no que solicita informe á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre a seguinte cuestión relativa ás explotacións gandeiras:

"[...] nos últimos tempos se están a rexistrar un significativo número de solicitudes interesando autorización para a execución de proxectos de balsas de xurro, de cara a garantir unha axeitada xestión dos residuos xerados nas explotacións (...).

Ante dita tesitura, e sendo que nun significativo número de casos, as instalacións adscritas ás devanditas explotacións (naves de gando, almacéns de forraxes e maquinaria, etc), se emprazan sobre parcelas de reducido tamaño, localizadas nos núcleos rurais, onde a ocupación existente impide implantar as balsas de xurro en dito lugar, plantexándose como alternativa a súa ubicación noutros predios adscritos á base territorial da explotación [...]

SOLICITO:

Que por esa Dirección Xeral debido ao serio problema que se esta a xerar, se emita informe ou pronunciamento sobre a viabilidade de localizar ditas balsas de xurro ou fosas, nunha das parcelas integrantes da base territorial das explotacións, e non así onde se localizan as naves, almacéns ou instalacións orixinarias".

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Arzúa conta con Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Política, Territorial e Obras Públicas e Transportes do 08.10.2008, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 06.11.2008 e publicada a súa normativa no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* do 30.10.2008.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece o seguinte:



"1. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte ás seguintes regras:

[...]

d) Ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo."

TERCEIRA.- A consulta municipal versa sobre a posibilidade de localizar balsas de xurro noutras parcelas integrantes da base territorial das explotacións gandeiras, sen concretar a clase de solo na que se pretenden implantar.

Non obstante o anterior, e dado que no escrito do concello se expón que as instalacións adscritas ás explotacións gandeiras están emprazadas en "*parcelas de reducido tamaño, localizadas nos núcleos rurais*", onde a ocupación existente impide implantar as balsas de xurro en dito lugar, plantexándose como alternativa a súa ubicación noutros predios adscritos á base territorial da explotación (...) despréndese que a petición de informe se circunscribe á posibilidade de localización en parcelas clasificadas como solo rústico.

Ás explotacións gandeiras resultará de aplicación o réxime xurídico xeral para o solo rústico previsto na LSG.

Os artigos 35.1.h) e 36 da LSG definen "*as construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas*" como un uso admisible en calquera das súas categorías, sempre que no solo rústico de especial protección se obteña autorización ou informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente e se cumpran as condicións xerais reguladas no artigo 39 da LSG e nos artigos e 59 a 62 do RLSG.

O artigo 39.g) da LSG define a explotación gandeira como "*a unidade técnico económica caracterizada pola exixencia dunhas instalacións, un conxunto de animais así como outros bens que, organizados pola persoa titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.*" así mesmo, dito artigo establece limitacións taxadas para a implantación de novas explotacións gandeiras, sendo inadmisibile o uso dentro do perímetro que marcan as distancias mínimas aos núcleos de poboación e vivenda máis próxima, segundo as condicións e excepcións reguladas no citado precepto.

Debe entenderse que as balsas de xurro afectas a unha explotación son instalacións de apoio á mesma que teñen como función o almacenamento e illamento dos distintos residuos de orixe orgánica.

Para os efectos de determinar a base territorial das explotacións gandeiras cómpre remitirse á normativa sectorial, nomeadamente o Decreto 200/2012, do 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, que nos seus artigos 8 e 10 exige que a base territorial das explotacións e os cambios de superficie da mesma se fagan constar no dito rexistro.

En consecuencia, resulta admisible a implantación dunha balsa de xurro en parcela distinta a aquela/s nas que se atopa a explotación gandeira, sempre que a mesma se sitúe nunha parcela clasificada como solo rústico adscrita á base territorial da explotación gandeira, co cumprimento dos requisitos sinalados no artigo 39 da LSG.



CONCLUSIÓN

De conformidade co réxime xeral previsto para o solo rústico, está permitida a implantación dunha balsa de xurro nunha parcela distinta daquela na que se atopa a explotación gandeira e adscrita á súa base territorial clasificada como solo rústico.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

